


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 13:58:30


SAIDA **3131/20**




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 180/2019**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 12/12/2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12/12/2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información ante o Concello de Lugo sobre a dirección dos locais nos que se solicitou licencia de obra ou comunicación previa de obra, con destino a actividades de hostalería nos meses de outubro a decembro de 2018.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa petición.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude, e copia do seu DNI.

Segundo. Con data 18/12/2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Lugo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data 13 de febreiro de 2019 o Concello de Lugo contesta á petición remitindo copia de diversa documentación, entre a que se inclúen peticións anteriores de acceso á información do reclamante que non se corresponden coa reclamación obxecto deste expediente, e un escrito asinado pola Xefa do servizo de licenzas do 20 de xaneiro de 2020, no que conclúe que procede dar traslado ao interesado dos resultados obtidos en contestación ás peticións de información formuladas, é un Decreto do concelleiro de urbanismo sostible no que se acorda dar traslado dos resultados obtidos ao interesado nas peticións formuladas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as

reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que o Concello de Lugo notificou a resolución con data do 15 de febreiro de 2019 e o interesado presentou a súa reclamación con data do 12 de decembro de 2019, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo. que debemos considerar a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente.

O interesado realizou unha solicitude ao Concello de Lugo, de acceso consistente en obter a dirección dos locais nos que se solicitou licencia de obra ou comunicación previa de obra con destino a actividades de hostalería nos meses de outubro a decembro de 2018.

O Concello de Lugo non remitiu informe sobre a reclamación presentada, senón copia de dunha solicitude presentada polo interesado no ano 2017, co mesmo obxecto pero referida a un período diferente, do que consta copia da súa inadmisión, por conter a información datos concernentes á actividade económica, comercial e profesional dos titulares das licenzas, e por supoñer a obtención da información, un traballo de reelaboración.

A pesar de que a inadmisión se refire a unha solicitude que non é obxecto deste recurso, dado que o seu contido é idéntico (aínda que referido a un período distinto) á que agora nos ocupa, procede analizar os motivos polos que a dita solicitude se inadmitiu.

En primeiro lugar, se xustifica a inadmisión en base ao límite establecido no artigo 14.1.h) da Lei 19/2013, en base ao cal o acceso á información pode limitarse cando supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais.

De acordo cos fundamentos da sentenza do Tribunal Supremo nº 1547/2017, e co Criterio Interpretativo CI/002/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, debe interpretarse de xeito restritivo os límites e excepcións legais e, en concreto no referente á limitación do

acceso á información que poida supoñer un prexuízo para os intereses económicos e comerciais, as ditas limitacións, o mesmo que sucede coas causas de inadmisión de solicitudes de información que enumera o artigo 18, deben ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

A invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo, polo que deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e avaliábel, e do mesmo xeito, é necesaria unha aplicación xustificada e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).

No presente caso, si o Concello considera que proporcionar a dirección dos locais que nun período determinado solicitaron licenzas de obra ou comunicación previa con destino a actividades de hostalería pode afectar aos seus dereitos ou intereses económicos, debería de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, concederlles aos titulares dos locais un período de audiencia, e posteriormente valorar os intereses que se poderían ver prexudicados, e resolver motivadamente, concedendo ou non o acceso á información. O que non é admisible é inadmitir a solicitude, simplemente baseándose en que a información solicitada (que debemos lembrar que consiste en comunicar direccións de locais con destino a hostalería que solicitan licenzas) “*contería datos concernentes á actividade económica, comercial ou profesional*”.

Respecto da inadmisión por requirir reelaboración, igualmente esta causa de inadmisión debe interpretarse de forma estrita e xustificar que a obtención da información solicitada, require reelaboración no senso establecido no criterio interpretativo 7/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno. No dito criterio, e nos pronunciamentos desta Comisión e doutros órganos de control da Transparencia, interprétase que por reelaboración debe entenderse desde o punto de vista literal *volver elaborar algo*, e é esta circunstancia a que é esixible para entender que estamos ante un suposto de reelaboración, sen que se poda aceptar que reelaboración é a mera agregación, ou suma de datos, ou o mínimo tratamento dos mesmos. Costa aceptar que nestes tempos, o Concello de Lugo non dispoña dun sistema de información que permita coñecer de forma sinxela, sobre cantos locais se solicitou licenzas de obra nun período de tres meses.

No presente caso, consta na documentación remitida polo Concello de Lugo, Decreto do concelleiro delegado de urbanismo do 27 de xaneiro de 2020, polo que se da traslado ao interesado da información solicitada, e no que figura selo de saída do Concello do 31 de xaneiro de 2020, polo que débese entender que o interesado recibiu a información, procedendo por tanto a estimación, por motivos formais, da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data 12 de decembro de 2019, no senso establecido no fundamento xurídico quinto desta resolución, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información ante o Concello de Lugo sobre a dirección dos locais nos que se solicitou licencia de obra ou comunicación previa de obra con destino a actividades de hostalería nos meses de outubro a decembro de 2018.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 10.1 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F	Firmado digitalmente
MARIA DOLORES	por 76706870F MARIA
FERNANDEZ (R:	DOLORES FERNANDEZ
S6500009C)	(R: S6500009C)
	Fecha: 2020.03.06
	09:39:29 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia